

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ACTA NUMERO DOCE CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2009.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as doce horas e sete minutos do día dezoito de setembro de dous mil nove réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores** e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, D^a María dos Anxos Riveiro Portela, D. Raimundo González Carballo, D. Miguel Anxo Vázquez Plaza, D. Demetrio Gómez Xunqueira, D. Telmo Martín González, D^a María Teresa Pedrosa Silva, D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti, D^a María Guadalupe Murillo Solís, D. José Manuel Barragáns Muñiz, D. Miguel Ángel Meijón Couselo, D^a Begoña Laya Iglesias, D. Jacobo Moreira Ferro, D^a María Celia Soto Espiña, D^a Patricia Aboal Agrelo, D. Carlos Riveiro Veiga, D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo, D^a María Teresa Casal García, D^a Margarita Castejón García, D. José Antonio García Lores, D^a Celia Alonso Caramés, D. José Manuel Valcarcel Riveiro e D. Julio Castela Martínez**, (exceptuando D. Miguel Ángel Meijón Couselo, que se incorpora no punto 2 da orden do día para a súa toma de posesión) estando presente o Interventor Xeral municipal **D. Manuel Roel Hernández-Serrano** e dando fe das actuacións, o Secretario Xeral do Pleno **D. José Luis Mato Rodríguez**.

Non asistiu **D^a. María Dolores Dopico Aneiros**

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde** declara constituída e aberta a sesión e, seguidamente, pronuncia as seguintes palabras: “En primeiro lugar, antes de empezar coa sesión, dado que para o Sr. Interventor é o último Pleno que vai a asistir como membro da Corporación, agradecerlle o seu traballo durante este ano de Comisión de Servizos no Concello de Pontevedra, no meu nome e no nome de todos os grupos municipais, desexarlle moito éxito na súa incorporación ao seu traballo habitual”.

ORDE DO DÍA

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24.07.2009.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 24.07.2009, que é aprobado por unanimidade (23) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- TOMA POSESIÓN SR. CONCELEIRO ELECTO D. MIGUEL ÁNGEL MEIJÓN COUSELO.

Dáse conta da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor de D. Miguel Ángel Meijón Couselo como Concelleiro electo deste Concello pola lista de candidatos presentada polo Partido Popular (PP) ás eleccións locais de 27 de maio de 2007, para cubrir o posto vacante, por renuncia, de D. José Benito Suárez Costa, procedente da mesma candidatura.

Intervén o **Sr. Secretario** sinalando que: “O Concelleiro electo don Miguel Ángel Meijón Couselo entregou con anterioridade na Secretaría Xeral do Pleno a súa credencial como Concelleiro electo, expedida pola Xunta Electoral Central, e formulou as preceptivas declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade as cales pasan a integrar o Libro de Rexistro de Intereses custodiado pola Secretaría Xeral do Pleno.”

Seguidamente o **Sr. Alcalde-Presidente** manifesta: “acreditada a personalidade do Concelleiro electo presente, comprobada a credencial e presentada a declaración de intereses non se aprecia causa algunha de incompatibilidade, non obstante se estivera afectado por algunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación electoral deberá manifestalo neste momento. Non estando afectado a continuación procederase á formalización do xuramento ou promesa de acatamento á constitución, polo que invito ao Sr. Meijón Couselo a acercarse.”

A continuación o **Sr. Secretario** indica que: “o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución esixido polo artigo 108.8 da Lei 5/1985 Orgánica de Réxime electoral xeral, prestarase baixo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979”.

De seguido o Sr. Meijón Couselo procede a prestar o devandito xuramento ou promesa na forma regulamentaria, ao non existir obstáculo ningún para que poida tomar posesión do seu cargo, prometendo pola súa conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Pontevedra, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Cumpridas as formalidades regulamentarias o Sr. Alcalde impón a medalla edilicia ao Concelleiro posesionado quen, seguidamente, pasa a ocupar o seu escano formando parte do grupo municipal do Partido Popular (PP).

3.- ECONOMÍA E FACENDA.- DACIÓN DE CONTA DA MEMORIA DE

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ACTIVIDADES DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2008.

Por indicación da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno explica que na Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 15.09.2009, deuse conta da referida memoria.

A continuación fai uso da palabra, en representación do grupo municipal do BNG, o Concelleiro de Goberno da área de Medio Ambiente Urbano e Facenda, **don Raimundo González Carballo**, manifestando: “ Bos días, Sr. Alcalde, moitas gracias; en todo caso esta é unha obriga que ten o órgano de presentar unha memoria da que hai que dar conta na Corporación; facer un apunte de que isto é consecuencia de entrar Pontevedra no réxime orgánico de municipios de gran poboación e, en consecuencia, se constitúe este órgano e a conseguinte obriga de presentar a memoria; tal como dixen na Comisión dicir que se presentaron ao longo do exercicio anterior 42 reclamacións das cales foron resoltas 34 e 8 están pendentes; a porcentaxe de reclamacións presentadas é moi cativa, é moi pequena, porque supón o 0,01 %, por exemplo no IBI; en vehículos o 0,06 %, etc.; é dicir nun volume de recibos, padróns, etc., do Concello de máis de 450.000, estamos falando de 42 reclamacións, iso non quere dicir que só haxa esas no Concello nin moito menos, senón que a gran maioría son resoltas ou satisfactoria ou insatisfactoriamente por parte do Órgano de Xestión Tributaria que é na que no fondo fiscaliza este Tribunal Económico-Administrativo; en todo caso salienta a mellora en xestión orzamentaria e como consecuencia trae as poucas reclamacións que se presentan diante deste Tribunal, moitas gracias.”

Seguidamente o Pleno do Concello toma coñecemento da memoria de actividades do Tribunal Económico-Administrativo do Concello, correspondente ao exercicio 2008.

4.- ECONOMÍA E FACENDA.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2008.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame favorable (coa abstención dos Concelleiros do PP) da Comisión Especial de Contas, de data 15.09.2009, emitido sobre a aprobación da conta xeral do Concello e dos seus organismos autónomos correspondente ao exercicio de 2008.

Aberto o debate concédese a palabra, en representación do grupo municipal do BNG, fai uso da palabra **don Raimundo González Carballo**, dicindo: “En canto a este asunto a conta xeral 2008, facer tamén algún comentario ao respecto da

mesma, é dicir que no orzamento 2008 ascendía a un importe de 77.225.000 euros pero que na liquidación tal e como xa se dou conta a este Pleno coas incorporacións e coas modificacións, etc., se chegou á contía de 123.146.586,90 euros, orzamento que por moitos anos a nosa Corporación, o cal foi agradecido no seu momento, foi aprobado por unanimidade de toda a Corporación; ben, de todas maneiras xa digo que tanto o orzamento como a liquidación xa foi dado conta a este Pleno, xa tivo coñecemento este Pleno, é falar do documento, da aprobación do documento para a súa remisión para o control do Consello de Contas; destacar unha serie de datos que veñen nos informes pero para que sexan coñecidos por parte de todos os membros desta Corporación que, en primeiro lugar, houbo un saldo acredor, é dicir un aforro en definitiva de 20,5 millóns de euros no Concello, de 127.000 euros no Pazo e de case 375.000 euros no IMD, o cal me parece un dato positivo e a destacar e, ao mesmo tempo, nos datos da Tesourería municipal, dicir que ao final de ano había na Tesourería 61.776.992,83 euros, o que implica que a saúde e a capacidade de pago do Concello pois está máis que documentada e sobrada, en todo caso como xa se anunciaron a presentación de cuestións de carácter formal, non na Comisión senón a través dos medios de comunicación, dicir que a convocatoria da Comisión se realizou o día 21 de xullo de 2009, que se deu 15 días para o seu estudo, é dicir se acompañaron as contas perfectamente e se celebrou a comisión o día 10.08.2009, se publicou no BOP o 14.08.2009, se deron os 15 días máis os 8 pertinentes para reclamacións, terminou o período, non houbo ningunha reclamación e se celebrou a Comisión e tampouco houbo en Comisión ningunha reclamación e se ditaminou na mesma o día 15 de setembro; é dicir que foi un período que durou dos meses, practicamente, dende o 21 de xuño ata hoxe que é día 18 de setembro e ese foi o proceso e por tanto entendo e entenden os técnicos municipais, Secretaría e Intervención, que se deu rigoroso cumprimento ao establecido en canto ás formalidades, outra cousa é que moleste que este Concello funcione ben, que este Concello teña boa saúde económica, que este Concello financeiramente estea ben, que teña capacidade económica para afrontar situacións de crises económicas como as que temos, e outra cousa; por dicilo de outra maneira e enganchar e buscar atrancos e incluso ter posicións erráticas de votar a favor do conta un ano, ao ano seguinte absterse e outro ano votar en contra, en todo caso agora quedaría ausentarse que é a única opción que lle queda ao Partido Popular, de ausentarse, porque xa xogou a todas as bazas nestes catro ou cinco últimos anos; entendo que é un paso para elevar, que temos ata o día 15 de outubro, senón me equivoco, para remitirle ao Consello de Contas toda a documentación, estamos perfectamente en prazo, polo tanto dito isto de momento non teño máis que dicir.”

Seguidamente intervén **dona Margarita Castejón García**, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, manifestando: “Muchas gracias, Sr. Alcalde, buenos días; solamente para aclarar una de las consideraciones que vienen recogidas tanto en el informe del órgano de Gestión y Contabilidad, como en el

CONCELLO DE PONTEVEDRA

informe de Intervención, hacen referencia a la necesidad de un inventario municipal, un inventario contable que además nos permita gestionar convenientemente nuestro patrimonio; informar que están muy avanzados los pliegos que van a permitir que, de un modo armónico, se vayan elaborando estos dos inventarios en el mayor breve espacio de tiempo.”

A continuación, en representación del grupo municipal del Partido Popular, fai uso da palabra **dona María Guadalupe Murillo Solís**, para dicir: “Buenos días; es increíble, Sr. González, usted sabe igual que yo que estamos aquí todos porque nos han puesto los ciudadanos de Pontevedra para tener transparencia y trabajar por nuestra ciudad; en primer lugar, hoy aquí usted sabe que traemos la cuenta general que es el reflejo de lo que significa económicamente este Ayuntamiento, aquí vamos a analizar lo que es el nivel presupuestario, cómo esta el Ayuntamiento a nivel patrimonial y como esta la tesorería del Ayuntamiento al que usted acaba de hacer alusión; en relación a la partida presupuestaria, usted es un auténtico desastre, conoce igual que yo que ustedes no ejecutan, conoce que el presupuesto del Ayuntamiento de esta ciudad ha sido el 53%, sabe que en el Pazo de la Cultura y que, en concreto en el IMD, el presupuesto de ingresos ha destrozado el 3%, por eso los clubes no han cobrado, usted sabe que es un auténtico desastre a nivel de recaudación, sabe que un cero patatero a nivel gestión y no sé como puede tener la cara de venir aquí y contarnos estas películas; a nivel situación patrimonial del Ayuntamiento, los informes técnicos y usted lo sabe porque lo corroboran lo que pasa es que esto no lo facilitan, cuando usted lleva tres días dando ruedas de prensa hablando de lo que va a invertir y de lo que va a gastar, es muy fácil dar ruedas de prensa sin tener a nadie enfrente, pero por qué no les dice que no existe inventario patrimonial actualizado en el Ayuntamiento de Pontevedra, con lo cual no sabemos lo que vale exactamente este Ayuntamiento porque no existe ese inventario y lo dicen los informes técnicos, entonces todo lo que está diciendo aquí es una ficción, es todo mentira, no sabemos realmente lo que vale y lo que tenemos y lo dicen los informes; en tercer lugar, hablemos de la tesorería, esa de la que usted presume tanto y básicamente lo que acaba de decir que me sorprende, la capacidad de pago que tiene este Ayuntamiento, que presuma de tener 60 millones de euros en caja, cuando si pagan a día de hoy todo lo que deben a largo plazo se quedaría en 1 millón de euros y no quiero contarle si abrimos los cajones y empiezan a salir todas las facturas, como usted mismo un día me reconoció no sabía a cuantas ascenderían, esto me lo dijo usted públicamente, que realmente no sabe, si cada concejal abriese los cajones de los funcionarios de este Ayuntamiento no sabe cuantas facturas aparecerían; entonces ¿a cuanto ascendería el déficit real de este Ayuntamiento?; le repito, los 20 millones de ahorro del que han hablado, son mentira, es un dato falso y usted lo sabe, si pagamos a corto nos quedaríamos con 20, si pagamos todo lo que deben a largo nos quedaría 1 millón de euros, me lo he estudiado, don Raimundo, a pesar de los tiempos que parece que nos ponen

pedrecitas todos los días en el camino, pero si realmente pagamos todo lo que ustedes deben, y esta información la tengo de primera mano porque hay empresas que no cobran y que ni siquiera están aquí en estos papeles y lo sabe igual que yo, o sea es una vergüenza; le voy a hacer sólo cuatro preguntas, a ver si es capaz de justificarme con 60 millones de euros, con la que está cayendo en esta ciudad y en este país, ¿por qué siguen pidiendo créditos que no gastan si tienen tanto dinero?, en el punto siguiente me parece que van a pedir 4 millones de euros más a un banco, entonces se contradice con lo que está diciendo, si le sobra el dinero cómo sigue pidiendo créditos, si es que está mintiendo, el problema es que esto no se destapa, esto no se sabe, no es verdad nada de lo que usted cuenta; en segundo lugar, dígame ¿por qué han subido los impuestos?, este Ayuntamiento ha recaudado un 10% más que el año pasado a nivel de impuestos, si tanto dinero tiene sería bueno que un momento de crisis como el actual, paralizara el ingreso por impuestos en este Ayuntamiento y dejara de cobrar a los pontevedreses por impuestos porque le sobra el dinero como usted acaba de decir, cosa que usted sabe que no es verdad, hay una parte que no cuenta; en tercer lugar, ¿por qué no ejecutan el presupuesto?, ¿por qué no hacen las inversiones previstas?, no saben, tienen un gran problema; en cuarto lugar, a ver si es capaz de contestármelo es lo más importante de todo, por qué estando tan saneados y con tanta capacidad de pago como ha dicho hace diez minutos, ¿por qué no paga a las empresas a las que debe dinero?; se pueden contar muchas películas, se puede hablar mucho de números y claro la gente no entra porque les cuadra, pero usted solamente estas cuatro preguntas, ¿por qué pide créditos si tiene dinero en caja?, es más, en el año 2008 pagamos 1 millón de euros a los bancos, debe ser que también usted además de “ZP” colabora con los bancos, porque no los gasta, los tiene íntegros en el cajón, pero pagar pagamos a los bancos con los impuestos de todos los pontevedreses y siguen subiendo los impuestos, contésteme a eso también, ¿por qué suben los impuestos?, han incrementado la recaudación por impuestos en un 10% del año 2007 al 2008, con la que está cayendo, Sr. González; dígame ¿por qué no ejecuta el presupuesto?, y no me diga que es que aprobamos por unanimidad un presupuesto, este fue el del año pasado, estamos con uno prorrogado, este ya es inexistente y con lo que hizo, todas las modificaciones que ha hecho y todos los cambios, no se parece en nada a la realidad, ya estamos en otra película distinta; no siga engañando a los pontevedreses, D. Raimundo, no siga engañando a los pontevedreses, cuente por fin de una vez la verdad, muchas gracias.”

De novo intervén o **Sr. González Carballo**, quen manifesta: “Moitas gracias; só unha pequena intervención porque me veu a confirmar o que dicía, vostedes queren transmitir que isto vai mal, isto é o que queren transmitir e están erre que erre e a cruda realidade elle xusto a contraria, pero claro esa é a cuestión, entonces todo o demais e leña barata; as subidas de impostos, perdoe vostede, é nas ordenanzas fiscais, nós non imos aí a sablear ao persoal e resulta que a vostede tócalle

CONCELLO DE PONTEVEDRA

10 non pero vaines pagar 20, non?; hai un principio de legalidade e entonces resulta que nos aprobamos o ano pasado baixar a presión fiscal nun 3% a diferenza do IPC e o saben, entonces o Concello funciona ben e o que lles interesa a vostedes é dar a sensación de que todo vai mal, é curioso porque ata din vostedes unha palabra e eu escoiteilla o día anterior ao seu xefe que teñen alá en Madrid, dille el a Zapatero “improvisación”, entonces sae Jacobo Moreira “improvisación”, é dicir e así parecen como auténticos títeres no sentido de que repiten exactamente o mesmo; queren transmitir algo que a cruda realidade é o contrario e o sinto e, é máis, estou encantando de que sexa así porque o Concello de Pontevedra vai ben e xa quixera o 99% dos concellos de toda España estar como o de Pontevedra.”

De seguido volve a intervir a **Sra. Murillo Solís**, dicindo: “No me ha contestado a ninguna de las cuatro preguntas que le he hecho, Sr. González, a ninguna, debe ser que no tiene para contestarme, cuatro, ninguna; los impuestos salen de las ordenanzas fiscales pero tendrá que reconocer que subió los impuestos en esta ciudad, porque el IPC anual fue más bajo de lo que usted subió realmente los impuestos y usted lo sabe y de hecho en el balance, no me lo invento, Sr. González, está en el balance, las cuentas que usted a presentado, estas, las que me han dado en el Ayuntamiento de Pontevedra estos días, de aquí sale esta información, un 10% más que en el año anterior, hombre con este cajón por que no dejó de cobrar a la gente el IBI, por ejemplo, que es un impuesto que afecta a muchos pontevedreses, pues con la recaudación que tenemos podía habérselo ahorrado con todo lo que le sobra aquí, pero mire, le pagan los clubes, le pagan las empresas, le pagan los dependientes, hace obras en los colegios, pero diga la verdad, si es que es mentira todo lo que está contando y no es que el Ayuntamiento vaya bien, eso es lo que usted quiere hacer creer, pero sabe y lo dice, hoy estamos aquí porque por suerte tenemos los números del Ayuntamiento, esto es lo que realmente dice como está el Ayuntamiento y eso fíjese que ni siquiera pone usted los datos muy reales porque no existe inventario patrimonial, esa es la rabia de este Ayuntamiento; le voy a leer un poquito, por encima, unas palabras que dice también el informe técnico “que es imposible reflejar la imagen fiel del Ayuntamiento”, imposible lo dicen los técnicos, “debido a la descoordinación entre departamentos, a la falta de protocolo de actuación y a la duplicidad entre organismos” esto entre otras lindeces que dicen los técnicos, usted es el responsable de la gestión de este Ayuntamiento y no lleva aquí dos años ni tres, lleva muchos más, usted no sirve Sr. González, esto no es de ahora, esto no aparece ahora, esto viene de largo, la política económica de este Ayuntamiento es nefasta, es nefasta porque recauda más, lo tiene en el cajón, pide créditos, nos cuestan dinero y encima no paga, pero ¿usted para que está aquí?, para que se gana el sueldo, Sr. González, parece que no hay ningún argumento que usted pueda sostener, viable, que pueda rebatir lo que le estoy diciendo, del balance también se deduce y hombre esto tampoco me lo invento yo, lo acaba de decir el Consello de Contas que creo que es un organismo

independiente de esta autonomía, dice que este Ayuntamiento es de los que peor recauda, de los que peor gestión recaudatoria tienen, de este balance, de este que tengo aquí, se dice que de 32 millones que tiene que cobrar este Ayuntamiento, 19 millones de euros son incobrables, ya están provisionados por insolvencias, más del 60%, somos "0" a nivel recaudación, más del 60% no se va a cobrar, ya están provisionados, pero usted para que sirve, Sr. González, sale de esto, 2008, esta situación no me la invento, si quiere se lo hago llegar, de 32 millones, 19 millones se prevé que no se cobren, hombre así no podemos seguir, Sr. González, esta es la realidad, todo lo demás son demagogias, cuentos, es fácil ir a ruedas de prensa, contar que vamos a invertir, pero ¿qué invierten?, si no ejecutan, y ahora dos puntos después nos contará que va a pedir otro crédito, hombre, si nos acaba de decir que tiene 60 millones en caja, o miente o nos toma el pelo y además fíjese en cuestión de 10 minutos nos va a contar porque va a pedir otro crédito, porque tiene 20 millones de ahorro en este año, es mentira, y el problema es que lo sabe y yo no podría estar en su situación mucho tiempo más, muchas gracias."

A continuación intervén o **Sr. González Carballo**, quen manifesta: "Imos a ver, Sra. Murillo, con todo o cariño do mundo; ven vostede nervosísima a este pleno, reláxese un pouco, aínda empezamos o curso político, non nos vaia a aguantar lo ritmo, sinceramente, e non me recorra ao insulto senón le as cousas, non me recorra ao insulto, entón non se dedique a insultar a recorrer tal, a dicir cousas cando realmente é falso; entón non diga tal, hai inventario, non está actualizado, llo acaba de dicir a señora Castejón, é dicir din do informe que lle vale para o que queren e para que non queren tal, que hai 61 millóns de euros en Tesourería, non os hai, entón só lle pido unha cousa, o curso político é moi longo, reláxese e non insulte, nada máis e moitas gracias."

Rematado o debate, sométese a votación a proposta, votando a favor 12 concelleiros (os 6 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 6 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE) e en contra 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular). Producido empate na votación efectúase unha nova votación, persistindo o empate, polo que decide o voto de calidade do Presidente e, en consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio de 2008 do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos (IMD e Pazo de Congressos).

SEGUNDO.- Realizar os axustes propostos pola Titular do OXOC.

5.- ECONOMÍA E FACENDA.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS 9/2009 (2 CEXT/2009) POR IMPORTE 4.333.987,51 €, NO PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable (cos votos en contra dos Concelleiros do PP) da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 15.09.2009, emitido sobre a proposta do Concelleiro Delegado da área de Medio Ambiente Urbano e Facenda relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 9/2009 (2 CEXT/2009) no orzamento xeral do concello, aprobado como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 11.09.2009.

Aberto o debate concédese a palabra a **don Raimundo González Carballo**, en representación do grupo municipal do BNG, quen manifesta: “Moitas gracias; xa este asunto é coñecido, entra de un contexto que aprobou este Pleno de ir adoptando medidas de inversión para nunha situación de crise económica e, como consecuencia do acordo plenario, de hai practicamente 1 ano, de medidas urxentes, evidentemente dentro de ese contexto entra por moito que moleste; entón nós temos que ir adoptando medidas de política orzamentaria e xa o que queremos maior actividade económica e efectivizar o antes posible unha medida que xa se poida facer, convenios asinados con outras administracións para que, digamos, tire esa actividade económica; ao mesmo tempo toda unha serie de cuestións que é necesario para rematar certos proxectos, etc., e por tanto estamos diante dunha modificación económica de libro, autenticamente de libro; con isto os conceptos creo que son sobradamente coñecidos e determinado tipo de obras de alcantarillado, convenio con Fomento 2 millóns de euros, convenio coa Deputación para a ponte de Monte Poreiro, rotonda Manuel del Palacio, obras no centro histórico, etc.; evidentemente con isto nos situamos nun orzamento ordinario de inversións en 34,5 millóns de euros, quero dicir que este ano leva destinado ou leva consignado este Concello, unha vez se aprobe esta modificación e sexa firme, pasaría a 34,5 millóns de euros e coas incorporacións pasaría dos 50, o cal é unha cantidade moi substancial e o orzamento do Concello, como consecuencia de esta modificación, se situaría en 96 millóns sen contar as incorporacións, isto nun contesto como o actual evidentemente é un bo sinal e por tanto insisto nas medidas de apoio de fomento da actividade económica, etc.; evidentemente o que si pediría ao leal grupo da oposición e que tivera coherencia cos acordos adoptados e cos acordos plenarios, porque se nós votamos a favor dun convenio e iso leva uns compromisos, se despois votamos en contra dos compromisos, e que é difícil, se nós votamos a favor do convenio con Fomento do convenio coa Deputación, pero despois nos negamos a que se consigne diñeiro para iso pois loxicamente é querer facer inviable ou, en termos coloquiais, intentar petardear todos eses convenios, que tamén se intentou de outra maneira tamén é certo; en todo caso agardo que non incorran en contradicións porque xa son máis que clamorosas, o vimos no punto anterior e o vimos en mil puntos e, polo tanto, dado o contexto, e dado que a práctica totalidade destas cuestións, os dous terzos, é cumprimentar uns acordos plenarios, pois lles pediría certa coheren-

cia, e insistir en que nesta situación a débeda real do Concello, neste momento, por préstamos a longo prazo, é de 26.569.000 euros o cal é o 41,27%, lonxe do 110% ao que se pode chegar, polo tanto insisto en que de aí que evidentemente tal e como sinalan os informes non se entre en inestabilidade orzamentaria nin moito menos; entón a cuestión é só pedirlle coherencia ao Partido Popular cos acordos adoptados por esta Corporación e digamos todos poidamos pular na mesma dirección e non utilizar o termo da crise para só sacarlle rendibilidade política pero sen embargo poñer todos os atrancos posibles para que non se adopten medidas ao respecto, moitas grazas.”

Seguidamente, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, intervéñen **dona Margarita Castejón García**, dicindo: “Muchas gracias; vamos a ver si conseguimos centrar el debate en los temas reales y efectivos que están pasando en el Concello de Pontevedra y en la administración que este grupo de gobierno está haciendo de los intereses de los ciudadanos, más allá de hablar mucho y muy aprisa, y parece que muy lejos de la realidad en algunos momentos; pensamos en este grupo que el Concello, el gobierno municipal, está obligado a poner en activo todos aquellos recursos de que se pueda disponer por cualquier día para prestar servicios a los ciudadanos y para contribuir a activar la vida económica en Pontevedra; entonces por todas estas razones consideramos que esta modificación que traemos a este Pleno es necesaria, es oportuna y es necesario hacerla aquí y ahora, en este momento, porque además de las consideraciones que hizo el Sr. Carballo en relación a convenios que resulta que hay que cumplirlos, además de esto, tenemos otra serie de cuestiones que atender y entre ellas quería hacer algunas observaciones; esta modificación incluye no solamente el préstamo sino otro crédito que va en relación a obras en colegios, en centros escolares, es que antes en su intervención dejó caer como un comentario al aire de esos que caen y no se sabe de donde salen, cuando dijo que no se hacían obras en los colegios, me quedé perpleja al oírlo, lo dijo antes, creo que lo oí y desde luego no se me ocurrió a mi sola, se están haciendo numerosas obras en los colegios y en este momento además, con esta modificación de crédito, una partida que estaba destinada a pistas polideportivas, que en este momento no es de primera necesidad realizarlas, va a hacer posible que se pongan en marcha parques de juegos infantiles en el colegio de Lárez, de A Xunqueira, en el colegio de Los Campos y otra serie de obras en colegios muy necesarias, siempre dijimos que estábamos muy preocupados porque las condiciones de los centros públicos fuesen las mejores posibles y siempre se hizo el esfuerzo, desde este grupo de gobierno, para que así fuese, más nos preocupa en estos tiempos en los que no estamos seguros de que vayamos a contar con mucho apoyo en esta tarea de una Xunta de Galicia que cambió su política y que parece más preocupada por destinar recursos de educación a los centros privados que a los centros públicos; además de esto, creo que en el informe está perfectamente claro que el Concello puede y por tanto, debe,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

solicitar este préstamo para hacer frente a estos gastos que se derivan de toda esta serie de obras, hay otra cuestión en la que el Sr. Moreira hizo algún comentario estos días que no se que fundamento podría tener el comentario respecto al despilfarro que podría suponer para el traslado de las dependencias municipales a la calle Michelena el que tuviésemos un presupuesto de trescientos y pico mil euros, exactamente son 174.550,76 por un lado y 135.523,15 por el otro lado, cualquiera que haya tenido que hacer algún traslado se da cuenta de que el mobiliario para 105 personas que se van a trasladar allí, desde luego con esta cantidad no podría ser, sino hiciésemos un enorme esfuerzo de ahorro y creo que de buena administración trasladando todo aquello que podemos trasladar, porque esté en condiciones de ser trasladado o porque no sea necesario en el lugar en el que se encuentra ahora este mobiliario; por otra parte, hay una partida muy importante reservada para el Archivo, el Archivo es una de las dependencias que más hay que cuidar en un Ayuntamiento, creo que no hace falta que lo explique y que todos lo sabemos y se necesitan unas estanterías, en las que por cierto, en el edificio de Michelena contaba y en el acuerdo que se había llegado con el acuerdo de la Xunta anterior iba incluido el que este mobiliario y estas estanterías que además se habían hecho a propósito para ese lugar iban a quedar ahí, nos encontramos con la desagradable sorpresa cuando nos fuimos a trasladar de que se habían llevado absolutamente todo, incluido curiosamente mesas que estaban adaptadas a un lugar que, evidentemente, va a ser muy difícil volver a recuperarlas, estoy haciendo negociaciones con la Secretaría Xeral de Patrimonio, a ver si por alguna vía podemos recuperar algo de eso que ya que se lo llevaron esperamos que hayan hecho un buen uso que no esté en ningún lugar almacenado y creo que poco más decir, evidentemente, que nos parece necesario, nos parece oportuno, y nos parece urgente que hagamos esto, porque tenemos que hacer, como dije, poner en activo todos los recursos de los que pueda disponer el Concello porque su situación se lo permite y por que las obras que quedan aquí perfectamente especificadas son de necesaria ejecución inmediata, muchas gracias.”

A continuación, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **don Jacobo Moreira Ferro**, manifestando: “Moitas gracias, bos días; anunciamos xa anticipadamente xa o noso voto en contra a esta modificación de crédito polos motivos que agora imos a expoñer, Sr. Raimundo, é que efectivamente o que vostedes fan é improvisación, e a mellor mostra de improvisación é traballar sen un presuposto, que maior paradigma da improvisación, porque co malo que é o Sr. Zapatero, con todo malo que é aínda polo menos aprobou un presuposto que vostede non foi capaz de facelo, é máis, pídlle aquí que me asegure se vostede pode dicirnos se de aquí a fin de ano vai haber algunha modificación máis de crédito ou non, non o sabe, quen mostra cara de improvisación, agora nos anticipamos que seguramente algunha vai haber; esta claro que vemos que nos nove últimos meses esta é a terceira modificación de crédito, outra mostra máis de improvi-

sación, vostedes non aproban presupostos agora si as modificacións as fan de tres en tres, por iso digo que de aquí ao final de ano haberá outra máis; en canto ao convenio con Fomento é público e notorio que vostedes, este goberno, levan moito tempo, varios anos, reclamando que se firmara un convenio co Ministerio de Fomento, aludindo a unha débeda histórica que Fomento tiña con Pontevedra e agora cando xa está firmado o convenio dánse conta de que non teñen cartos para afrontar o convenio, mira ti que improvisación, resulta que ao final aínda van facer vostedes boa a Magdalena Álvarez porque ao final ela si que cumpría pero vostedes non tiñan os cartos para cumprir, pero en todo caso aínda con esta modificación de crédito xa o din os informes, que constan no expediente, aínda con esta modificación de crédito séguenlle faltando 300.000 euros para facer fronte á anualidade que lle toca a vostedes cumprir neste convenio, por iso digo que seguro que de aquí a decembro vai a haber outra modificación de crédito, segurísimo, se vostede non o sabe pida consello aquí que xa llo dicimos nós, vai ter que facer outra modificación de crédito e non confunda que se apoiamos un convenio era porque era un convenio, aínda que mellorable, era un convenio que podía ser bo para Pontevedra e todo o que sea minimamente bo, aínda que poida ser mellor, o apoiamos, pero non confunda que apoiamos un convenio con que aprobemos a súa improvisación e ineficiente xestión das contas municipais; señora Castejón estou, por outro lado, de acordo con vostede en que debemos centrar o debate, por iso lle pido que nos explique por que se van a gastar 52 millóns de pesetas en mobiliario, máis do que custa unha vivenda aquí en Pontevedra, vostedes vaino gastar en mobiliario, debe ser que se lle pegou o luxo do goberno bipartido da Xunta de Galicia e tamén queren lembrar tempos pasados, porque dixeron vostedes hai tempo que para as novas oficinas de Michelena aproveitarían ao máximo o mobiliario existente, e agora din que non que é que a Xunta como a Michelena lle gustan os mobles, non será porque a Xunta realmente reutiliza os mobles e non os deixa por aí tirados, non será por iso?, por que non fan vostedes o mesmo?, ou é que os funcionarios agora non teñen silla e mesa, non teñen mobles agora mesmo?, non compraron vostedes sillas e sillóns hai un ano ou ano e medio, xa non valen?; non me veña con eufemismos intentando cambiar a historia dicindo non son 170.000 por un lado, 136.000 por outro, son 310.000 todo xunto, máis de 50 millóns de pesetas e parte desta modificación de créditos que vostedes van financiar cun novo crédito, houbo un crédito contratado o ano pasado por case 4 millóns de euros, agora imos firmar outro, Sr. González, a vostede cando entra nas oficinas do banco débenlle poñer a “alfombra roja”, os directores deben estar encantados con vostede, tira para aquí, préstamo para alí e aínda que non os utilicemos pero o caso é contratar e xerar intereses a conta dos cartos dos pontevedreses; de modificación de crédito de libro de iso nada, de iso nada, a lei di ben clariño que soamente se poden facer modificacións de crédito cando haxa un presuposto aprobado, si establece excepcións á cal vostedes se acollen e establece a excepción como regra e tampouco o di o informe de Intervención, o informe de Intervención di que aquí non se acredita a urxencia por

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ningún lado, ou que neste convenio firmado así de repente apareceu unha oferta do Ministerio de Fomento para firmar este convenio, así de un día para outro, se vostedes mesmos levan reclamando este convenio e resulta que vostedes non tiñan os cartos previstos; home, de incumplir convenios non falen vostedes, porque o convenio de Monte Porreiro da liña de alta tensión pois xa me dirá como está, quedan tres meses e levan vostedes tres anos de retraso, se en tres meses non cumpren o convenio perdemos os cartos e os veciños de Monte Porreiro os máis prexudicados; Sra. Castejón explíquenos tamén toda a verdade porque si parte da modificación de crédito vai ir para obras en colexios pero díganos en detrimento de que, vostede di o que van facer pero non di o que van a deixar de facer por quitar eses cartos, explíqueo aquí diante do Pleno e diante dos pontevedreses porque pare deses cartos que van a obras en colexios, que nós apoiamos por suposto porque téñolle que dicir que a min e aos nosos compañeiros caésenos a cara de vergonza cando imos aos consellos escolares en representación do Concello, caésenos a cara de vergonza e temos que aguantar as reclamacións dos colexios que aguantamos encantados porque imos a escoitar os problemas dos pontevedreses pero temos que levar culpas que non son nosas, que o teña claro; entón díganos publicamente de onde saen eses cartos para obras en colexios, por que non colle os cartos que tirou aquel local que por certo seguimos esperando que nos expliquen quen alugou ese local e para que?, porque non colle eses 35.000 euros que tiraron á basura e os mete en obras en colexios, en definitivamente creo que está sobradamente xustificado o noso voto en contra, o voto a favor non o merecen, nin sequera a abstención, vostedes agotaron xa o remanente de tesourería, xa non teñen nada de nada, nin un can como se di, e seguen presionando aos técnicos para que informen en tempo inferior ao tempo que a Lei lles da para informar, nada máis, moitas gracias.”

De seguido volve a interir a **Sra. Castejón García**, dicindo: “Muchas gracias y espero que esta vez en el uso de la palabra el Sr. Moreira me escuche un poquitín más las cosas que dije, tampoco me resulta muy agradable que empiece diciendo eso con todo lo malo que es Zapatero, podíamos trasladar aquí este debate a otras esferas, evidentemente no compartimos esa propuesta y por suerte para este país resulta que Zapatero no es tan malo y nos está gobernando; modificaciones, pues todas cuantas sean necesarias para gestionar lo mejor posible la vida municipal, absolutamente todas las necesarias yo estaré de acuerdo, siempre que eso nos lleve a responder mejor a las necesidades, hace una serie de consideraciones acerca de los convenios que no se como sería usted capaz de gestionar la vida municipal, de verdad que me resulta muy difícil de entender como sería usted de gestionarla, no lo se, desde luego iba a estar escondidito, escondidito, detrás de una mesa a ver si cuanto los cuartitos y los que tenga aquí en este cajón son los que gasto porque no me atrevo a echar más adelante con más proyectos y más atrevimiento; me habla curiosamente de que yo hablo con eufemismos cuando le hago una aclaración y una información pormenorizando el presupuesto que

tenemos total y dividido de cara a Michelena, hace falta que una vez más le explique, a ver si de una vez lo entiende, que este Ayuntamiento no tenía previsto tener un gasto tan elevado para el mobiliario en general ni para el Archivo en particular, no lo tenía previsto, evidentemente, porque había un compromiso de que alguna cuestión tendríamos que comprar, siempre hay algún equipamiento que adquirir, no lo teníamos previsto, por lo visto tampoco se enteró de que además de que se traslada todo lo que se puede trasladar nos vamos a trasladar a unas dependencias más amplias, yo seguiría hablando y contestándole pero evidentemente después no va a saber lo que dije y le va a resultar imposible contestarme, pero bueno, yo seguiré hablando, como dije resulta que el Concello se encuentra en la necesidad de hacer frente a un gasto que evidentemente no tenía previsto en su totalidad y, evidentemente, para esto está previsto este gasto en este crédito que vamos a solicitar a ahora; en cuanto a las obras en los colegios, usted hace muy poco que anda por el Ayuntamiento, usted no sabe como estaban los colegios públicos antes de que nos hiciésemos cargo de Educación y, sino, si usted quiere saberlo y está tanto por los colegios, hable usted con los directores de los colegios, le van a decir en que momento se notó un cambio sustancial en la preocupación y en la dedicación del Concello y en la previsión presupuestaria del Concello en obras en los colegios y, aparte de todo, otra cuestión que tampoco me escuchó cuando se la expliqué pues estaba incluido el que le expliqué que el dinero para los centros escolares, venía de una partida prevista para pistas polideportivas que, en este momento, se valoraba que no se iban a hacer sino que se iba a destinar a colocación de pavimento y otras reformas en centros escolares, parques de juegos infantiles en Lérez, en Xunqueira, en Los Campos, etc.; si quieren de una vez empiecen a preocuparse por la buena administración de los intereses de los ciudadanos y dejen de darle vueltas a las cosas para intentar decir cosas que no tienen nada que ver con el modo y el estilo de gobernar de este grupo, desde luego le puedo asegurar que con el despilfarro, como usted dice, no tiene nada que ver, y mientras yo esté a cargo de Patrimonio seguro que no va a tener nada que ver, muchas gracias.”

Novamente volve a facer uso da palabra o **Sr. González Carballo**, quen manifesta: “Moitas gracias; coincidencia absoluta, xa lle adiantei as súas palabras, non sei se llas adiantarei agora tamén, si vai a vir no próximo Pleno una modificación de crédito, tiña o convencemento porque vai a vir, ou sexa non é que a vaia a improvisar é que vai a vir, xa a temos prevista, como xa tiñamos prevista no mes de xullo que ía vir esta, para cumprimentar os acordos, pero claro polo medio tiñamos previsto para unha cousa e resulta que lle ofrezco retirala se quere, aí si llo ofrezco, nos chegou a principios de agosto unha liquidación da Deputación polas expropiacións do convenio de acceso a Montecelo, de 461.000 euros, dos cales había unha consignación inicial de 150.000 pero nos fai as follas de aprecio, as fixo a Deputación, entón nos manda iso, non teño ningún problema se quere retiramos esa parti-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

da, esa partida a retiramos, non hai ningún problema, como é froito de esa improvisación que como nos chegou no mes de agosto e xa estamos en setembro, se quere ofrézolle retiralas sen ningún problema, de todas maneiras aos expropiados habería que pagarlles e tiña que haber o correspondente compromiso de que senón remite o diñeiro o Concello que pague exactamente igual a Deputación porque senón a quen fastidiamos non é a Deputación senón aos expropiados; de todas maneiras é curioso que non fixera ningunha referencia a ese tema nin moito menos, e se quere tamén lle ofrezco, se é tal despilfarro e tales cousas, podemos levar as cousas do Arquivo en sacas, ao mellor ten Anxos algunha da Feira Franca e entón as metemos alí e quedan os papeis que non pasa absolutamente nada; ao respecto do convenio de Fomento, creo que sabe porque estivo presente, primeiro cando veu o Ministro e en segundo lugar cando se deu conta a este Pleno, polo tanto foi transcorrido o ano, sabemos que asumimos ese compromiso, sabemos que na anterior modificación xa viña consignada unha partida de 100.000 euros para esa eventualidade en vez dos 300.000, PO-550 un informe do Enxeñeiro municipal dicindo para este ano é necesario, outra cosa é que obra hai que contratar por 900.000 euros, para este ano é suficiente a contía de 100.000 e consta no anterior expediente de modificación de crédito, mire senón tiñamos previsto nós o tema do convenio de Fomento, ata o tiñamos na época cando gobernaba o Partido Popular en Madrid, en Madrid refírome no goberno do Estado; volvemos ao mesmo, é dicir, veña votamos lixo, votamos basura, curioso, non fixo ningunha referencia ao tema de que do imposto revolucionario que nos vai supoñer agora que Sogama non preste o servizo de recollida de voluminosos, que obriga do contrato, aínda non dixeron absolutamente nada diso e lle vai a supoñer ao Concello 30 ou 40 mil euros máis ao ano e vostedes non dixeron absolutamente nada, seguro que andan preocupados por se se cumpre o contrato por parte de o Concello ou non, pero quen o está incumprindo?, curiosamente, en todos os aspectos ata na facturación a Sogama, pero a vostedes iso non lles importa en absoluto, sexamos serios, aquí hai unha modificación, hai uns motivos, hai uns acordos e hai que cumprimentalos e, por outro lado, evidentemente claro que recorreremos ao crédito pero tamén lle podo dicir que o 90% do crédito do ano pasado, salvo algún temilla que se puido atravesar, o 90% está comprometido, é dicir salvo pequenas cousas que están en crédito dispoñible, por exemplo, dentro do alumeado no centro urbano que eran 400 mil euros hai dispoñibles 18 mil euros, evidentemente os orzamentos non se axustan así como así, entón, evidentemente puido haber unha baixa na contratación, está practicamente, non consolidado, pero si utilizado, ben en fase de "AD", ben en fase de "O" ou ben en fase de "RC" a maior parte deles; volvo a insistir, e o din os técnicos, que é necesario complementar isto, é maioritario, polo tanto non se inventen historias porque mire, modificacións de crédito, en calquera administración local que vostedes gobernan, por non dicir la Xunta as que levan feito dende que entraron aí, a tira, polo tanto é un instrumento e é un instrumento necesario, é dicir e inherente a calquera orzamento que haxa modificacións; queren buscar unha serie de desculpas e vos-

tedes o que están votando é que non queren que se efective o convenio de Fomento, que non queren que se efective o convenio da Deputación, que non queren que se fagan as obras contempladas e, de todas as maneiras tamén, unha recomendación, dirixase á Consellería de Educación que moitas das obras que subsidiariamente ten que facer este Concello son competencia da Consellería de Educación, dirixase a eles para que as fagan, nós non temos ningún problema.”

A continuación, fai uso da palabra o **Sr. Moreira Ferro**, dicindo: “Gracias; don Raimundo, non siga confundindo con que se queremos cumprir o convenio con que vostedes fagan unha mala xestión económica e unha imprevisión absoluta, entende?; vostede di que vai a facer outra modificación de crédito de aquí a final de ano, por que non fa fai agora xa?, ou que quere dividila para non pasar tanto “sonrojo” publicamente, por que, a cantidade a cando vai a ascender?, iso xa non o di, entón vai partindo o elefante cachiño a cachiño porque así é máis dixerible; sacoume vostede o crédito do ano pasado e vostede esta faltando a verdade, directamente llo teño que dicir, porque precisamente esta semana comprobei, persoalmente, canto está disposto do crédito dos case 4 millóns de euros e están dispostos 398.000 euros, pero seguimos pagando intereses; o convenio da Deputación supoño que canto o tiña firmado xa sabía os compromisos que tiña que asumir, se tivera feito un presuposto xa tería contemplada a partida pero non a vostede gústalle andar a salto de mata, con improvisación, reitero, que pasa que ao mellor non lle gusta, senón lle gusta a ponte de Monte Porreiro que non firme o convenio, dígaos publicamente, pero non firme un convenio e logo non o queira cumprir e ande a trancas e barrancas e espere a que lle requiran para logo facer unha modificación de crédito; Sra. Castejón, non lle vou a entrar ao trapo do que vostede está propoñendo pero sei perfectamente como están os colexios, eu e máis os meus compañeiros o sabemos perfectamente, iso si non levamos un fotógrafo detrás, non se sabe que imos a ver os colexios pero imos a velos, creo que 10 anos, que é o tempo que levan vostedes no goberno, foi tempo suficiente de arranxar estas deficiencias, algunhas, que teño que dicir son terceiro mundistas nunha capital de provincia, nada máis.”

De seguido intervén a **Sra. Castejón García**, quen manifesta: “Solamente una observación; agradecería que no se hiciesen comentarios de esas características acerca de las condiciones en que se encuentran los centros de enseñanza públicos de Pontevedra, porque evidentemente no se corresponde a la realidad, aún sabiendo que hay necesidades sin atender y, desde luego, las que dependen de este Concello están atendidas, pero rogaría que su empeño en dejar la enseñanza pública como de segundo orden y de inferior categoría no le lleve a hacer afirmaciones de este calibre, muchas gracias.”

De novo fai uso da palabra o **Sr. González Carballo**, para dicir: “Era só unha aclaración; ten razón Jacobo -perdón pola familiaridade- que efectivamente nós xa

CONCELLO DE PONTEVEDRA

estamos contratando obras, están en fase de “RC” ou en fase de “AD” ou en fase de “O” con cargo ao crédito e xa temos, todo con nome e apelidos etc., pero sen embargo ao banco só lle pedimos os 300 mil euros porque mentres non imos pagando as certificacións non pagamos intereses que é só do dispoñible, polo tanto o que estamos é aforrando, entón vostede mesmo se meteu no liño; en segundo lugar, a valoración inicial que se fai das expropiacións, considerando que maioritariamente era rústica, eran 150 mil euros, e hai papel, e despois nos mandan unha folla de aprecio por 460 mil euros, entón hai que poñer a diferenza, é toda a cuestión, nada máis, eran dúas aclaracións que creo que eran necesarias.”

Rematado o debate, sométese a votación a proposta do Concelleiro Delegado da área de Medio Ambiente Urbano e Facenda votando a favor 12 concelleiros (os 6 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 6 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE) e en contra 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular). Producido empate na votación efectúase unha nova votación, persistindo o empate, polo que decide o voto de calidade do Presidente e, en consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito N° 9/2009 (2CEXT/2009), MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, por un importe de CATRO MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E TRES MIL NOVECIENTOS OI-TENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (4.333.987,51.- €)

SEGUNDO.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Esta modificación orzamentaria considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

6.- ECONOMÍA E FACENDA.- APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2009 (1SUP/2009) MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 169.618,56 €, NO PRESUPOSTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable (coa abstención dos Concelleiros do PP) da Comisión Permanente de

Economía e Facenda, de data 15.09.2009, emitido sobre a proposta da Directora Xerente do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2009 (1 SUP/2009) no orzamento do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións, aprobado como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 11.09.2009.

Sen intervencións e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ao expediente de modificación de créditos 3/2009 1 SUP/2009 mediante suplemento de créditos por importe de cento sesenta e nove mil seiscientos dezaioito con cincuenta e seis céntimos (169.618,56 €), nos importes que se especifican e que afectan ás partidas seguintes:

ESTADO DE GASTOS

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

PARTIDA Nº	DENOMINACIÓN PARTIDA	IMPORTE
09.451.221.00	Enerxía eléctrica	85.000'00
09.451.213.00	Mantemento instalacións e ascensores	50.701'66
09.451.227.09	Prestación servizos de mantemento	32.762'90
09.451.489.00	Convenio Juan XXIII	1.154'00

ESTADO DE INGRESOS

FINANCIAMENTO

DENOMINACIÓN	IMPORTE
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	169.618,56 €
TOTAL	169.618,56 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de editos da entidade e durante quince días, o presente acordo para que aqueles que se teñan por interesados poidan presentar as alegacións e suxestións que estimen procedentes.

TERCEIRO.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase que esta proposta queda definitivamente aprobada sen necesidade de novo acordo expreso, procedéndose á publicación do texto de definitivo.

7.- CULTURA.-DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO MUNICIPIO

CONCELLO DE PONTEVEDRA

PARA O ANO 2010.

De orde do Sr. Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Permanente de Cultura e Festas, de data 11.09.2009, emitido sobre a proposta de acordo da Concelleira delegada de Cultura relativa á determinación dos festivos locais do municipio para o ano 2010.

Sen intervencións e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Cultura e Festas, presta a súa aprobación á proposta da Concelleira delegada e, en consecuencia, acorda declarar festivos locais do municipio de Pontevedra para o vindeiro ano 2010, a incluír no calendario laboral como días inhábiles, retribuídos e non recuperables, os días 17 de febreiro, “Mércores de Cinza” e 5 de abril, “ San Cibrán”.

8.- PROPOSTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PS DE G-PSOE E BNG SOBRE A CONTINUIDADE DO MODELO DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO NO ENSINO OBRIGATORIO.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), acorda tratar a proposta que figura no epígrafe.

Aberto o debate, concédese a palabra a **don Julio Castela Martínez**, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, quen manifesta: “... ao longo dos anos para dar resposta a unha serie de prioridades como, por exemplo, facer efectivo o dereito que ten calquera cidadán a recibir unha educación ou a universalización da ensinanza primaria, un dos obxectivos dun goberno progresista consiste en aumentar a calidade da ensinanza e os dereitos do alumnado e que o alumnado reciba unha educación e formación de calidade sen que este dereito quede limitado, ata o vindeiro curso escolar en Galicia tiñamos un programa de gratuidade dos libros de texto nos centros sostidos con fondos públicos en todos os cursos da ensinanza obrigatoria, para todos e todas, a gratuidade era para o cen por cen das familias con fillos en educación obrigatoria, agora vostedes terán que explicarlles as familias pontevedresas por que lles quitan un dereito que tiñan consolidado, a gratuidade dos libros de texto supuxo unha evolución no sistema educativo galego, evolución que se traduciu nun novo dereito cidadán, nós entendemos que a relación entre a administración e a cidadanía debe entenderse en clave de dereitos cidadáns, e para nós a educación é un dereito, as sociedades actuais conceden unha grande importancia á educación tendo a certeza de que dela dependen tanto o benestar individual como o colectivo, como así o recalca a LOE, Lei Orgánica de Educación, pero seguramente o noso concepto de estado de benestar non sexa o mesmo concepto que o que ten o Partido Popular, a nosa proposta política, o noso modelo xe-

ral de estado propón servizos e garantías sociais á totalidade da cidadanía, e repito, á totalidade da cidadanía, o que significa un sistema educativo de calidade, público, gratuito e universal, pola contra, a política educativa actual da Xunta de Galicia fundamentase, basicamente, en recortes de dereitos, e estas políticas o único que conseguen é desmantelar o estado de benestar; durante o goberno anterior Galicia foi a comunidade autónoma coa volta ao cole máis barata, segundo o reflicten os estudos das organizacións de consumidores, como, por exemplo, o informe FUNCAS, ademais, o modelo de gratuidade foi abalado polos docentes e pola maioría dos pais e nais, así como das súas organizacións, como por exemplo a CONFAPA, subliñando que este modelo inculcaba aos alumnos valores como a solidariedade, respecto e aprecio polo material colectivo; a Xunta de Galicia afirma que este novo modelo é máis económico, pero isto non é certo nestes números que manexa a Xunta de Galicia e que de seguro hoxe oiremos falar neste Pleno, ocultan que nos custos non contabilizan os libros froito do programa anterior que seguen no sistema actual e que non van mercar ata que completen o seu ciclo, en igualdade de condicións entre modelos este novo sistema da Xunta soamente garante a gratuidade ao 22% do alumnado, repito, garante a gratuidade ao 22% do alumnado, o noso ao 100% do alumnado, e resulta, pola contra, un 25% máis caro, polo que este novo sistema o podemos definir como inxusto e insolidario, deixando fóra, en virtude dos baremos anunciados, a moitas familias, algo así como a 123.000 familias galegas, resumindo, a Xunta de Galicia impón un novo sistema que sairá máis caro e, o máis importante, suprime un dereito que xa estaba consolidado, por certo, se tanto lle gustan as enquisas ao goberno da Xunta, por que non lle preguntan aos pais e as nais se queren que se reimplante o modelo de gratuidade anterior?, con esta iniciativa que hoxe presentamos neste Pleno teñen vostedes unha oportunidade que lles permite ser máis coherentes co seu programa electoral, no que falaban expresamente de garantir a gratuidade, porque temos que recordar que o seu programa electoral recollía, e leo: “cambiaremos o sistema de préstamo de libros de texto para garantir a gratuidade e titularidade dos mesmos”, garantir a gratuidade, nunca falaban de eliminar un dereito consolidado e, facendo unha comparativa, ninguén nesta sala discute que todos e todas, polo único feito da nosa condición de cidadáns e cidadás deste país, debemos ter dereito a un sistema sanitario público de calidade en condicións de igualdade onde non deben existir diferenzas de ningún tipo, de feito, como non, foi un goberno progresista o que implantou neste país este modelo público, gratuito e universal da sanidade, aínda así, gustaríame, a poder ser, que respondese a unha serie de cuestións como, por exemplo, se van vostedes establecer o copago nas consultas da Seguridade Social en función da renda ou ben se van vostedes cobrar polas intervencións de cirurxía, polos transplantes, en función da renda, ou tamén, se vostedes subirán os prezos do transporte público en función da renda, e me gustaría tamén que me contestasen a estas preguntas porque a cidadanía ten dereito a coñecer estas cuestións, ao mellor tan banais para vostedes pero tan importantes para os cidadáns e cidadás, pero, como dixeran ao principio, o substantivo é que a

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Xunta de Galicia elimina dun plumazo un dereito adquirido no camiño dun sistema educativo público, universal e gratuíto, moitas gracias.”

Seguidamente, en representación do grupo municipal do BNG, fai uso da palabra **don Demetrio Gómez Xunqueira**, para dicir: “Moitas gracias, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas, efectivamente traemos hoxe unha moción para que a tome en consideración o Pleno do Conello de Pontevedra, na que instamos á Xunta de Galicia a recuperar a gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio, e por que o facemos así?, porque no BNG consideramos que hai que garantir a igualdade de oportunidades para todos e todas as cidadás, que é algo que non garante o actual modelo posto en marcha pola Xunta de Galicia, no caso do ensino público, ou no caso dos servizos públicos, esta igualdade de oportunidades esixe que os servizos sexan universais, no caso do ensino o BNG apostou sempre por un sistema educativo público, galego, de calidade, universal e gratuíto, e o de gratuíto é algo que perdemos de vista con este modelo; en realidade é imposible atopar argumentos que defendan a actual formulación que fai a Xunta de Galicia, trátase dun modelo moito máis caro que o modelo anterior, para conseguir o mesmo nivel de obxectivos de gratuidade que se conseguía no modelo anterior hai que gastar tres veces máis, polo tanto, nunha época de crise estamos a falar dun absoluto despilfarro, ademais, non é un modelo, en absoluto, solidario porque non chega a todos os cidadáns, non é universal e polo tanto xera desigualdades, non garante que a ninguén lle cubra o custo dos libros de texto, iso non queda cuberto en ningún dos casos, por varios motivos, porque é moi restritivo, poden vostedes comprobar, coa información que hai na páxina web que puxo a consellería en marcha, por exemplo, que unha parella de mileuristas con dous fillos non ten dereito á subvención máxima, ademais, a axuda máxima non ten por que cubrir o custo dos libros de texto e, ademais, obriga sempre aos pais e as nais a adiantar o prezo dos libros de texto, e así está recollido implicitamente nas declaracións do conselleiro, é polo tanto, neste momento de crise, unha falta de solidariedade cos pais e coas nais traballadores e, ademais, e isto para nós é moi importante, non contribúe de ningún xeito a mellorar o sistema educativo, no mellor dos casos deixaríao como está, que non vai ser o caso, e impón novas funcións aos equipos directivos que se ven obrigados a dedicarlle tempo a isto en lugar de as súas labores docentes, iso si, temos un sistema que inclúe despilfarro, campañas publicitarias, ausencia de goberno, tendenciosidade na comunicación, e podería seguir poñendo calificativos a isto; por que o poñen en marcha?, a que ven poñer en marcha unha medida que non serve para mellorar o que xa temos?, pois porque, claramente, responde aos dous eixos do goberno do Partido Popular, por unha parte desfacer todo o que se andara no goberno anterior, parece que este é o principal obxectivo nestes meses que levamos e en todos os campos, ir desfacer o que xa estaba feito e, por outra parte, aplicar un modelo liberal, absolutamente ideoloxizado, que só é quen de defender quen está absolutamente cegado pola súa ideoloxía e que se manifesta nun ataque constante ao que é público,

isto, por suposto, mírase na súa concepción do cheque escolar, esta é unha das formas en que se pode manifestar ou non apoio que están vostedes a dar ao ensino privado ou na concepción que aquí se trasluce na que vostedes confunden xustiza social con beneficiencia que non é en absoluto a onde debemos chegar; así que, señores e señoras do PP, teño que pedirles que recapaciten que se poñan do lado dos cidadáns deste país e que obriguen ao goberno do seu partido a pensar que non podemos ter un goberno baseado no despilfarro e na propaganda e que deben estar cos cidadáns, moitas grazas.”

A continuación, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **dona María Teresa Pedrosa Silva**, manifestando: “Muy buenos días a todos y a todas, me sorprenden tanto en esta intervención como en la anterior, por un lado no quieren que nos inmiscuamos en el gobierno de la Xunta pero están todo el día pidiéndonos que actuemos, que le pidamos a Feijoo, que vayamos a hablar con el, antes nos pedía Raimundo que nos dirigiéramos a la Xunta para conseguir, luego Margarita..., muchas gracias, sabemos que estamos fuertes y estaremos más en lo próximo, mire, a mi me sorprendió, sinceramente, cuando vi esta moción, porque ustedes si que varían, si que cambian de estrategia, ¿saben ustedes cuantas mociones presentaron para pedirle algo a la Xunta del bipartito en los 44 meses que gobernó?, ¿lo saben?, “cero Zapatero”, “cero Zapatero”, ni una, no hubo nada, no hubo ninguna queja, ninguna necesidad para Pontevedra, todo estuvo correcto, no hubo que pedirle nada, no presentaron ni una, ¿saben cuantas presentaron en los 4 meses que lleva gobernando el Partido Popular? 4 mociones, una por mes, como las modificaciones de crédito, igual, una por mes, claro, y la Sra. Casal que siempre dice que no le gustan las mociones rodillo que le mandan del partido, aquí ni tan siquiera se dirige al Ayuntamiento de Pontevedra, solo la en la petición final hicieron un cambio y metieron “de Pontevedra”, pero en la exposición de motivos, en el inicio, es de estas tipo, que van de dos en dos, que la fotocopian y van para todos los grupos, esas que no le gustaban cuando gobernaban otros, ahora le encantan, porque ahora en una al mes, yo no se si le llamara Guillerme o Pachi, uno de los dos para pedir ayuda, uno de los dos les llamará todos los días por teléfono diciendo: “mira, necesitamos un poco de apoyo que no somos capaces de hacer oposición”, aquellos a lo que no les gustaba ser el ariete de la Xunta, mire, ustedes desde el 1 de marzo ya no gobiernan, se está viendo aquí, aquí no gobiernan, ustedes están haciendo lo que les gusta que es oposición, pues sigan haciendo oposición que la van a hacer pronto pero global, oposición global, es que me fastidia tener que oír cosas, usted, Sr. Castela, no quería entrar al trapo ni responderle, infórmese, yo se que lleva poco tiempo y nosotros le damos los 100 días, no como otros, lea, porque yo tengo hijos en edad escolar pagué el 100% de los libros de texto, no es gratis 100%, y mi compañero de al lado también, y también pago el 100% el año pasado, o sea que no diga que es gratis para todos los ciudadanos en la educación obligatoria porque

CONCELLO DE PONTEVEDRA

yo tengo hijos y los pago, y en este caso eran prestados, nunca fueron gratis, gratis nada, ustedes los dejan y no se pueden tocar, claro, aquello que decían las normas pedagógicas, de aquella, de que los libros eran para quererlos, yo recuerdo que los llevábamos a casa, los forrábamos con ilusión para que durasen para otros, cuidarlos, quererlos, mimarlos, utilizarlos... ahora no, porque como son de otros no se pueden ni tocar, mejor lávate las manos para que duren, los libros hay que manejarlos, mamarlos, tenerlos, quererlos y estudiarlos, ahora como no hay eso sacan las fichas, que total se pagan igual, ahora pagas doble, las fichas y el libro, hombre, no diga esas cosas porque mucha educación si se paga; respecto a las preguntas que me hizo, mire, la educación es gratuita para todos, es pública y gratuita, igual que la medicina, pero las medicinas sólo son gratis para los jubilados, no se como no lo puso en la moción que fueran gratis para todos, porque, según usted, como no hacen presupuesto que más les da, ponen todo gratis, luego dejan 3 millones de euros de deuda en la Xunta de los libros anteriores que no pagaron, ya los pagará otro, supongo que no tenían ninguna intención de volver a gobernar porque si tuvieran alguna no harían las cosas que están haciendo, como les da igual porque no tienen ni presupuesto, ni rigurosidad, ni son capaces de ejecutar, ni son capaces de gastar, entonces, como les da todo igual, que más da que sea todo gratis, a mi también me encantaría todo gratis, los libros, las medicinas, todo lo que quiera, pero mire, aquí cuando se habla de solidaridad solo vale si lo habla Zapatero, entonces es progresismo, pero si la solidaridad la pone el PP somos retrógrados, pero ¿de qué vamos?, esto es una medida que hay que tomarla porque no hay más remedio, estamos en una situación de crisis y, en primer lugar hay dos parámetros: uno, que paguen los que tienen y que sea gratis para los que no tienen, y dos, que pedagógicamente todos o la mayor parte de los enseñantes o profesores de esta comunidad autónoma creen que el sistema de préstamo no es bueno, eso ya lo decía el PP en su programa electoral, como bien decía Julio, que hay que basarse en un sistema de propiedad de los libros para poder utilizarlos y para poder quererlos; o sea que cuando hablamos de cero mociones, cero en 44 meses de bipartito y cuatro en 4 meses, creemos que a ustedes lo que le va es la demagogia, eso le encanta, el resto, cero, cero cero; sólo para cerrar le voy a decir que les voy a dar una oportunidad para que pasen a la acción, dejen de llorar, tienen oportunidad de darle oportunidades a los ciudadanos de Pontevedra, llevan 8 años para intentar poner en marcha una guardería, 8 años, 2003, 4, 5, 6, 7, 8 y 9 y en el 10 tampoco va a estar y son incapaces, incapaces, así se lo digo Sra. Castejón, incapaces, de poner una cosa de verdad para los ciudadanos de Pontevedra, que en función de las rentas quien tiene paga y quien no tiene no paga pero por lo menos tienen derecho a llevar a los niños a una guardería, ustedes no fueron capaces, ni dándole el dinero que los convenios están firmados en el 2006, por incapaces de ejecutar, o sea que si quieren colaborar con la educación, con la solidaridad, con la gratuidad y con la ayuda de los ciudadanos de Pontevedra, empiecen por gobernar y dejen de ser sólo oposición que aún le queda un año de gobierno si no hay nada antes,

muchas gracias.”

De seguido fai uso da palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, dicindo: “Moitas gracias, Sra. Pedrosa, ben é certo que a escoitamos ben, creo que con un pouco menos de volume escoitabamos exactamente igual, ía a convencer exactamente o mesmo, moitas gracias.”

Seguidamente concédese a palabra ao **Sr. Castela Martínez**, quen manifesta: “Gracias Presidente; o primeiro de todo céntrese un pouquiño neste debate e non intente facer desta cuestión algo baladí; en canto á información pois non se preocupe que estamos aquí para informar ao grupo do Partido Popular e a vostede tamén se quere; hai unha diferenza fundamental entre este grupo e o seu é que nós nos centramos máis no público que no privado ou no concertado, pero vou a informar de unha serie de cuestións que ao mellor vostede descoñece, seguramente non escoitaron as declaracións de persoas que ocuparon cargos de relevancia no seu partido político, e agora pois imos a falar de isto, pregúntelle a algunhas persoas que ocuparon cargos de relevancia sobre o que opinan da gratuidade porque algúns dos vosos compañeiros si que están a favor de esta gratuidade, e non se preocupen que non lle farán falta ningún tipo de fotografías porque agora mesmo diremos os seus nomes; no ano 2005, unha vez anunciada a gratuidade dos libros de texto, para o curso 2005-2006, máis concretamente o 8 de setembro a Deputada e Portavoz de Educación do Partido Popular, a señora Manuela López Besteiro, facía as seguintes declaracións que recolleron os xornais do día seguinte, dicía “o Partido Popular cualifica a medida como tardía” e se congratulou de que o bipartito sega desenvolvemento un programa iniciado polo goberno autonómico anterior, estaba a favor da gratuidade, por certo, programa ou medida que supuxo poñer no orzamento máis de 13 millóns de euros e pasaba a beneficiar a 82 mil alumnos, algo que a vostedes parece que non lles gustou e por iso eliminaron este dereito nada máis chegar ao goberno; tamén están no recordo tres ordes no Diario Oficial de Galicia, onde o goberno de Manuel Fraga recalcaba o seguinte sobre a gratuidade: “enmarcase dentro do principio de gratuidade nas etapas obrigatorias como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, ten como finalidade favorecer a igualdade de oportunidades, inculcar no alumnado valores de solidariedade e tolerancia, de coidado e conservación do material, para a súa reutilización por outros”, é dicir, non que se queden na casa senón que o utilizaran outros “e de coidado do ben colectivo como propio”, ademais destas ordes o Sr. Currás, exconcelleiro de Educación naquel momento escribiu un recente artigo, un artigo posterior ao cambio de goberno, que afirma o seguinte: “tres teñen sido as principais luces do bipartito en Educación”, luces non sombras, “a primeira, aumentar considerablemente o orzamento; a segunda, continuar construíndo sobre o que xa estaba feito” e aquí cita expresamente a gratuidade dos libros de texto; se isto non é suficiente voulle dicir algo máis para demostrar que os datos que manexan non son deste mundo, o outro

CONCELLO DE PONTEVEDRA

día nunha emisora coñecida por todos o Director Xeral da Consellería de Educación, saíu dicindo que unha familia de dous fillos que gañe 6 millóns de pesetas ao ano, é dicir 36.000 euros, tería dereito ás axudas, ás axudas pero non gratuidade, unha familia con dous membros que gañen máis ou menos 6 millóns de pesetas ao ano non ten gratuidade dos libros de texto, ou dito de outro modo, unha familia que gañe 1.285 euros brutos ao mes, mil euriños escasos, os mil euristas, recibiría unha axuda de 104 euros, entón claro a realidade é que todas as familias con dous fillos con pouco máis de mil euros ao mes van a quedar excluídas desta gratuidade, pero vostedes están a favor, non vou chamar mentiroso a ninguén, pero de seguro que a algún lle vai a crecer a nariz despois de que argumente o seguinte, con data 19.06.2009, o Sr. Presidente da Xunta de Galicia di: “todas as rendas baixas e medias van a seguir mantendo a gratuidade sen excepción”, non falou de axudas, falou de gratuidade, sen excepción para as familias con rendas baixas e medias; entón e segundo estas declaracións para o Partido Popular unha familia cun fillo que gañe 575 euros brutos ao mes cada un dos seus proxenitores non accede á gratuidade, si á axuda de 180 euros, máis ou menos, entón supoño que esta familia cun fillo e con estas maravillosas ganancias de 575 euros brutos ao mes son de clase alta para vostedes, supoño que unha familia cun fillo que gañe 964 euros brutos ao mes xa non ten dereito nin sequera a unha axuda porque é de clase altísima, xa non é alta é altísima, unha familia con dous fillos que gañe, cada un dos proxenitores, 772 euros brutos ao mes tampouco teñen acceso á gratuidade e tampouco á axuda, tamén supoño que será dunha clase alta para o Partido Popular; esta é a realidade, outra cousa é o que vostedes veñen aquí a dicir, espero que recapaciten e que, polo menos, apoien esta moción que, dende o Concello de Pontevedra, imos a achegar á Xunta de Galicia, moitas grazas.”

De novo fai uso da palabra o **Sr. Gómez Xunqueira**, para dicir: “Moitas grazas; moi brevemente, señora Pedrosa, non se nos enfade, por non ter argumentos, nos di non teño argumentos, non podo defender isto, vou votar porque me o piden de arriba, xa está, porque realmente e que vostede non nos dixo por que deberíamos rexeitar esta moción, porque non lle fixemos ningunha ao goberno anterior, non sei, non sería necesario; realmente, repítolle, para vostede esta moción é insolidaria, esta moción non atende ás clases traballadoras neste momento de crise económica, esta moción despilfarra, e dille antes todos os argumentos; quizás vostede si apuntou algún criterio pedagóxico da orde dos que veñen aquí na web esta que teñen que realmente son ridículos, non creo que sexa agora o momento de entrar a debatelos, non é o foro, pero un dos motivos que dan vostedes, digo porque como vostede non aporta argumentos a ver se o Partido Popular, di e que é o modelo máis estendido, home si, cando Colón chegou a América o máis estendido é que a terra era plana, que quere que lle diga; si vostede apuntou aí unha pequena idea que foi “hai algunhas persoas que lles pagamos e outras que non”, mire iso é beneficencia, iso é ultraliberalismo, a igualdade conséguese nos impostos, paga-

mos impostos cada quen dunha determinada maneira e os servizos son universais e gratuítos para todos, así debería ser, e así tendemos no BNG a que vaia sendo, nada máis e moitas grazas.”

Volve a intervir a **Sra. Pedrosa Silva**, manifestando: “Sr. Gómez Junquera, sería así si fuéramos un país sin límite, pero no es así, los servicios no son universales y gratuitos para todos y le acabo de poner como ejemplo en el tema sanitario, las medicinas son gratis para los pensionistas y no son gratis para el resto, porque no hay dinero para todos, sin embargo la Sanidad es pública y universal, igual que la Seguridad Social que tiene un régimen equitativo de solidaridad y de reparto y yo pago impuestos, pero pago más, por supuesto, que el que gana menos, porque estamos en un país que su régimen es de solidaridad y reparto en el tema de la Seguridad Social, no todos pagamos lo mismo para recibir lo mismo, hay algunos que pagan cien veces más que otros para recibir lo mismo, porque estamos en un sistema de solidaridad y de reparto y, en este caso, para pagar las cosas hay que tener ingresos y la Xunta anterior debe 3 millones de euros del sistema de préstamo, que no gratuidad, que no son gratis, son prestados, hable con propiedad, los libros de texto; este gobierno decidió optar por otro sistema que es un sistema de, en función de las rentas, pagar una ayuda, y sabe de dónde sacó los datos para establecer esas ayudas, de Hacienda del año 2008, Hacienda le remitió exactamente lo que cobran y por desgracia, Sr. Castela, hay muchas familias que no cobran 36 mil euros al año, que le vamos a hacer, ojalá todas cobraran lo que cobramos muchos, ojalá, pero no es así entonces hay que establecer un sistema para que los que más cobramos no paguemos y los otros no paguen y ese es el sistema, que se puede hacer universal, si hubiera dinero para todos si, insisto, como ustedes no tienen rigor, no hacen presupuesto, contratan sin tener expedientes, sin tener crédito, sin tener presupuesto, hay dos estilos de gobernar, uno, de rigor, el que gobierna el Partido Popular y otro de chapuza el que gobiernan ustedes, entonces claro, yo que quiere que le diga, es así, no hay mucho más que le pueda decir, los datos son de Hacienda, los ciudadanos, por cierto, se decantaron por el de rigor, o sea que vayan ustedes aplicándolo.”

Rematado o debate, sométese a votación a proposta dos grupo municipais do PS de G-PSOE e BNG, votando a favor 12 concelleiros (os 6 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 6 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE) e en contra 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular). Producido empate na votación efectúase unha nova votación, persistindo o empate, polo que decide o voto de calidade do Presidente e, en consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda:

En base a que a educación constitúe un dereito básico e universal de toda a cidadanía, instar á Xunta de Galicia a continuar co modelo de gratuidade dos libros

CONCELLO DE PONTEVEDRA

de texto no ensino obrigatorio na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuíto para todos e todas.

C) MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron mocións urxentes.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.

11.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante os meses de xullo e agosto de 2009, así como das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante o mes de xuño e xullo de 2009.

12.- PREGUNTAS.

A) PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA TERESA PEDROSA SILVA, RELACIONADA COS XULGADOS DO MERCANTIL.

Manifesta: “Muy buenas tardes de nuevo; el 16 de abril del 2008, gobernando el bipartido en la Xunta de Galicia, la Sra. Begoña Santos Fernández, buena conocida y amiga, Directora Xeral de Relaciones con la Administración de Justicia, escribió una carta al Poder Judicial, era Directora General de la Xunta, en virtud de lo establecido en el artículo 22 de la Ley Orgánica 81 del Estatuto de Autonomía para Galicia, y 35 de la Ley Orgánica del Poder Judicial, le remito a vuestra Ilustrísima la propuesta para demarcación territorial de los juzgados de lo mercantil en Pontevedra, se lo manda al Director General de Justicia del Ministerio en Madrid y para resumir, la carta tiene tres folios, al final de todo dice “teniendo en cuenta el volumen de ingreso actual la delimitación propuesta justifica la planta de un juzgado de lo mercantil en la capital de la Provincia y otro juzgado de lo mercantil en la ciudad de Vigo, por lo que se interesa la modificación de la circunscripción territorial de los juzgados de lo mercantil en la provincia pontevedresa, creando el juzgado de lo mercantil de Vigo por supresión del juzgado de lo mercantil número dos de Pontevedra”, es decir, la Xunta del bipartito quería que eliminasen un juzgado que existía en Pontevedra, el número dos de lo mercantil y que lo trasladasen a Vigo, le pregunto al Alcalde, como en aquella época no había mociones contra la Xunta, simplemente mientras la Xunta anterior intentaba quitarle a Pontevedra el juzgado de lo mercantil número dos para llevárselo a Vigo, ¿cuales eran las gestiones que hacía usted Alcalde para defender los derechos de los ciudadanos de Pontevedra?, muchas gracias.”

Seguidamente intervén, en representación do grupo municipal do BNG, **don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, contestando: “Grazas señor Alcalde, moi bos días a todos e a todas; moi sorprendente a pregunta, moi sorprendente, despois de incharse a declarar que non sei que desgracias sucedían co goberno local de Pontevedra pola creación disto agora nos saca o da Xunta e demais; obviamente se lle podía contestar o mesmo que vostedes intentaron contestar agora, dicir se é un problema da Xunta que se debata no Parlamento, vostede non sei de onde sacou ese papel, dende logo non sei se alguén tivo coñecemento aquí en tempo e forma; miren vostedes, creo que este problema de un xulgado aquí é un problema serio e no Pleno cando vostedes trouxeron a moción votouse por unanimidade; vostedes van seguir axitando isto, van a seguir axitando, con razón, como nós tamén, na medida que poidamos, con razón, porque aquí houbo unha indecisión moi gorda, nós non sabemos ata que punto todo iso foi compartido por todo o goberno da Xunta ou cousa polo estilo, pero si houbo un problema moi gordo que si afecta dunha maneira moi grave a Pontevedra que foi a partición real da Provincia que non só, evidentemente isto viña encarreirado, tamén había informe favorables a Pontevedra, había de todo, e a propia creación en principio é onde esta a sede, ou sexa que sería en Pontevedra, despois hai informes que van para aquí e para alá; mire vostede, anuncielle, no pasado Pleno, non sei se foi xusto no de xullo ou no de xuño, e que a división esta da Provincia ía supoñer cousas moi graves, por exemplo, vostede lea hoxe por exemplo na prensa, resulta que o hospital de Vigo está en fase de expropiación cando ía 6 meses detrás do de Pontevedra, ía 6 meses detrás do de Pontevedra, en trámites, ou sexa que xa hai 6 meses, ou sexa en marzo ou en abril tiñamos que entrar en expropiacións, e iso comprenderá que se se crea unha provincia, á parte das opinións e dos informes que puido facer cada quen e que obviamente a Xunta deu ese informe, se vostede o di, créolle e vostedes podían agora facer o contrario, que tampouco o fixeron; o que está claro é que queda Pontevedra nunha postura de debilidade, non só polo do mercantil que é importante senón por outros temas moito máis importantes que este; mire, mentres non rectifique o seu posicionamento a favor de que a provincia estea partida con dúas capital e polo tanto hai que dotar de medios ás dúas non veñan a dar voltas con estas historias que o aval que teñen é ningún, ningún, por desgraza, xa nos gustaría que todos os grupos políticos aquí puideramos facer unha defensa das competencias e do estatus de Pontevedra por unanimidade, iso é imposible, vostedes xa o romperon coa decisión máis grave, pois se na máis grave e na que trae a rastro outras, vostedes están a favor de que se faga agora intentar acusarnos aos que defendemos, sempre e en todo lugar, a Pontevedra, os que avalaron a decisión máis grave que é a de Pontevedra e con estas cousas, que xestión fixo vostede?, a onde foi?; mire, se o escrito estaba feito estaba feito, vale, e o Alcalde en vez de operarse por que non foi a correr a entrevistarse con non sei quen?, e a Alcaldesa en funcións por que non sei canto?; déixese de dar voltas con iso, vostedes abdicaron na defensa de Pontevedra de maneira radical e definitiva mentres non cambien de posicionamento con res-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

pecto do superdelegado, esa é a resposta que temos que darlle, Sr. Pedrosa.”

A continuación fai uso da palabra **dona María Teresa Casal García**, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, indicando: “Considérome en certo modo aludida por esa pregunta, porque facía referencia, senón entendín mal, a unha resposta dende a Xunta do bipartito de un membro do Partido Socialista e entón se me permite.”

Contesta a **Sra. Pedrosa Silva** o seguinte: “No del Partido Socialista, del gobierno de la Xunta.”

De seguido fai uso da palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, para dicir: “É que as preguntas son preguntas e teñen unha resposta ou pódense responder cando se queira e se se fai outra pregunta ao respecto dirixida persoalmente, porque senón liámola un pouco.”

Continua no uso da palabra a **Sra. Casal García**, manifestando: “Simplemente digo unha cousiña moi breve porque é que quero lembrar algo, en primeiro lugar, a pregunta que facía a Sra. Pedrosa é que se fixo en contra desa cuestión que se plantexaba e lle digo que algo se faría porque os dous xulgados do mercantil, un e dous están en Pontevedra, algo se faría; segundo, aquí estamos no Concello de Pontevedra e somos grupos municipais e supoño que lembrará moi ben e senón lle farei lembrar calquera día cal foi a resposta desta portavoz a esa noticia da Xunta de Galicia e saíu en todos os medios, en contra do que dicían os xefes superiores meus, neste caso, porque prexudicaba a Pontevedra, dende o meu punto de vista; vostedes agora están facendo alusións a cousas anteriores porque resulta que a contestación da Xunta hoxe, cando se lle pregunta dende o Consello Xeral do Poder Xudicial, é, vale, pero para Vigo témolo todo preparadiño, esa é a resposta do PP e iso é o que non se atreve a defender o que de verdade pensan, nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.”

Seguidamente a **Sr. Pedrosa Silva**, diríxese ao Alcalde sinalando: “Siento que no le haya dicho que baje el tono al Sr. Mosquera que habló más alto que yo, pero bueno.”

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**, o seguinte: “Dígollo agora, ten razón que se elevou demasiado a voz, non fai falta.”

Continua no uso da palabra a **Sra. Pedrosa Silva**, dicindo: “Disculpado, sin problema; simplemente esto es un apartado de ruegos y preguntas, yo hice una pregunta, usted no me contestó, como si fuera una moción; decirle que esto es de 16 de abril de 2008, no existía ni la Xunta actual, ni el bipartito, ni Tourís, ni nada

parecido, o sea que no se escuden, es una cosa que es real, esto es un desmantelamiento de la ciudad donde aquí las mociones no existieron, nada más y muchas gracias.”

A continuación o **Sr. Mosquera Lorenzo**, manifiesta: “Só lle podo dicir con respecto a iso unha cousa, lamento profundamente que desde que a Xunta tomou, a que saíu, unha decisión profundamente equivocada, tamén instigada por vostedes, de que entraban en funcións e non facía nada, ou sexa como se os cidadáns tiveran a culpa de que cambiara a Administración, non entrara tamén en funcións e non fixera nada con respecto a iso, lamento profundamente.”

B) PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA TERESA PEDROSA SILVA, RELACIONADA CO XULGADO DO MERCANTIL Nº 3.

Manifiesta: “Gracias; o 15 de xaneiro de 2009 a Consellería de Presidencia sacaba a seguinte nota: “a Consellería da Presidencia anuncia que en decembro de este ano entrará en funcionamento un xulgado mercantil na cidade de Vigo, este xulgado mercantil será o número 3 de Pontevedra e terá a sede en Vigo, con esta nova sede xudicial atende á proposta realizada dende este departamento autonómico a través da Dirección Xeral de Xustiza, a Consellería da Presidencia quere amosar a súa fonda satisfacción con este anuncio que é froito das xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para a creación deste xulgado mercantil, demandando esta sala diante do Ministerio de Xustiza, só está pendente de recibir o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial”, a pregunta que queremos facer con respecto a esta nota de prensa e a dona Teresa Casal, Tenente de Alcalde, é que nos diga que opinión lle merece esta nota de prensa que lle acabo de ler, así como as recentes declaracións do Ministro de Xustiza nas que di que a única posibilidade que baralla o Consello Xeral do Poder Xudicial é Vigo?.

Contesta a **Sr. Casal García**, o seguinte: “A min dáme a impresión de que xa lle contestei, se chego a saber que ía facer a pregunta non falaba antes; penso exactamente o mesmo que lle dixen antes, vostedes lle contestan ao Consello Xeral do Poder Xudicial que teñen todo preparado para que vaia para Vigo e agora a que ven o que nos están dicindo, eu estou en contra tanto do que fixo neste momento o Conselleiro da Presidencia, e así llo fixen saber tanto a el como na prensa, llo fixen saber e ao Presidente naquel momento, e agora estou en contra tamén de que vaia para Vigo porque es que ademais, e non estamos agora nese momento pero supoño que, vostede como avogado que exerce tamén debe sabelo como a min, é totalmente disfuncional que se cre o xulgado en Vigo, que se cre non, que se ubique, porque o xulgado está creado e esta creado para Pontevedra, polo tanto estas historias, que pasa?, que volvemos ao de sempre?, que Vigo ten máis votos e que hai

CONCELLO DE PONTEVEDRA

que conformar a Vigo?, volvemos e o sinto; é o que dicía o Sr. Mosquera estamos nunha rolda de que aquí todo o que pida Vigo si porque é que Corina ou o quen sexa aprieta e Pontevedra parece ser que, a pesar do gran peso do Sr. Telmo Martín, non chega a tanto, e cando nós lle dicimos que insten á Xunta e llo dicimos con toda a honestidade e a boa fe do mundo, vostedes sempre presumiron, de toda a vida, do goberno amigo, de que cando están os seus na Xunta lles fan caso, pois eu con toda honestidade e a boa fe, llo digo, Sr. Martín, a vostede lle están facendo moito caso na Xunta, non é así, paralice iso por favor, como paralizou o hospital, ou como paralizou e vai seguindo paralizando todo iso, paralice algo que todos estamos de acordo en que prexudica a Pontevedra, ou non estamos de acordo niso?, logo paraliceo, demostre o seu gran peso.”

13.- ROGOS.

Non se presentaron rogos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás trece horas e corenta e sete minutos, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace.
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.